Resolución do 3 de novembro de 2026 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento dos mutuos acordos por expropiación para a obra: **Itinerario peonil na AC-552, treito Carballo - Coristanco, puntos quilométricos 32+620-34+400, de clave AC/16/082.06, no concello de Carballo.**

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu o seguinte:

Proceder a efectuar o pagamento dos mutuos acordos dos bens e dereitos afectados pola obra Itinerario peonil na AC-552, treito Carballo - Coristanco, puntos quilométricos 32+620-34+400, de clave AC/16/082.06, no concello de Carballo, que figuran expostos no taboleiro de anuncios do concello.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular no expediente. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura no expediente, deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e DNI da nova persoa titular.

A contía a pagar será o resultado de deducir do prezo xusto o importe correspondente ao depósito previo.

Para proceder ao pagamento, as persoas titulares dos bens e dereitos afectados deben de proporcionar a seguinte documentación:

- Certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) no que figuren conxuntamente como titulares todas as persoas propietarias, no prazo dos dez (10) días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución.

No caso de que transcorrido dito prazo non se proporcione a documentación solicitada, a transferencia ás persoas titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acreditase suficientemente, o importe do prezo xusto depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2-8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=PR004A, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 3 de novembro de 2026
O Xefe do Servizo Provincial da Coruña
Felipe de la Vega Gándaras

SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña
981 182 475 - 981 184 873 – 881 881 314
https://sede.xunta.gal/portada

Asinado por: DE LA VEGA GANDARAS, FELIPE
Cargo: Xefe do servizo
Data e hora: 03/11/2026 18:12:52

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Mprgu6jpa4B1 https://sede.xunta.gal/cve